



Colexio oficial enxeñeiros  
industriais  
Cabo Santiago Gomez 8,  
A coruña, 15004

Relacións Laborais

Asunto: presentación de planos de seguridade e hixiene de obras de construción.

De conformidade coa normativa reguladora de aperturas de centros de traballo, e particularmente coa Orde TIN/1071/2010, do 27 de abril, as empresas deben facer a preceptiva comunicación á Autoridade Laboral, acompañadas da documentación correspondente, que, para o caso da construción, inclúe tres copias do plano de seguridade da obra.

O formato en papel, utilizado ata agora, presenta unha serie de problemas que se evitarían empregando o formato dixital:

- custo económico importante para o empresario.
- imposibilidade de presentalo por correo, polo volumen do envío (como mínimo tres libros).
- dificultade de almacenamento e transporte para a propia Administración
- o non despreziable impacto ecolóxico no emprego de inxentes cantidades de papel do que o destiño final é o arquivo..

Estas consideracións aconsellan adaptar o cumprimento da norma ós medios técnicos actuais, o que suporía presentar os plans de seguridade EXCLUSIVAMENTE en formato CD ou DVD, coas copias necesarias.

Esta medida non supón esforzo adicional para os técnicos que desenvolven os proxectos e os planos de seguridade, que xa os elaboran inicialmente con medios e soportes informáticos. Facilitaría considerablemente a presentación, tramitación, arquivo, e consulta, cando fose necesario. O desembolso económico para os interesados diminuíría de forma importante.

A pesar de que nas dependencias do Departamento Territorial de Traballo e Benestar (servizo de Relacións Laborais) xa se informa nese sentido ós interesados, resulta imposible chegar a todos eles nun prazo razoable.



Por todo isto, interesa que dende ese Colexio Profesional, como órgano que agrupa ós técnicos cualificados para elaborar os planos de seguridade, dese traslado ós seus colexiados para que, a partir deste momento, ou na maior brevidade posible, prescindan do exemplares en papel con destino ás administracións, sustituíndoas por CD ou DVD, o que redundaría nun beneficio evidente para todas as partes interesadas.

A Coruña, 16 de xullo de 2010

O xefe do servizo territorial



Alberto Álvarez Freijido